

RELATA AQUÍ A TÚA EXPERIENCIA

Quizais non me tería lembrado o día de “24 horas en galego” porque tiveren un día moi axetreado, pero ao saír da miña clase de Alemán na EOI, quedei con algúns amigos cataláns no bar Tambre para falar e tomarlle algo, ceando de paso . . . Pola xente que non o sabe, o barrio de Vista Alegre é onde mellor se pode comer unha cea de tapas. Póñenche ate uns callos o unha costeleta se a señora che ve quedando nos ósos, como pode ser no meu caso.

Visto que estes amigos son estranxeiros, falamos a lingua do país, que ten a bela función de unirmos dentro dos confines abertos dunha lingua franca da que constantemente descubrimos novas facetas mentres falamos, coñecéndonos cada vez mellor na medida que saibamos expresármonos. A amizade fúndase no diálogo, e crece co crecemento do seu medio.

Jaume decidiu revelar que escribía poesías e que estaba preparando algunha escolma para publicar e explicou os medos que este proceso che pode producir. Estaba nervioso, pero eso é normal. Enrollouse como unha persiana pregoando contra os egos dos escritores, e lamentaba a dificultade de manter o equilibrio entre unha escritura persoal e a necesidade de comunicar. Marc secundou ao opinión doutro, tamén queixándose do renome do escritor e de que as trampas da fama, aínda que el non as tivera, son á vez desexables e insoportables. Eu que non escribo, e se o fago fágoo no anonimato, xa non me preocupo deste tema. Eu non podoo facer o que fan eles (ou calquera), pero tampouco poden eles (ou calquera) facer o que fago eu. As nosas experiencias son únicas e irrepitibles. Díxenlles iso e quedaron pensativos. Eu tamén, porque foi a primeira vez que conseguín expresalo desta maneira.

Mentres Marc máis eu fomos ao bar Mesón do Pulpo, Juame decidiu coller o coche para ir coller as súas poesías na casa. Decidiron que querían ler un pouco das súas cousas—todos xuntos, ao redor dun radiador (pobre versión da lareira), bebendo algo agradable en boa compañía. Entrando na casa vin que xa era as 12. Veu Marc, de súpeto:

“Home, teño un regalo para ti”

Desta maneira saíu a botella de *Absythe*, que el trouxera de Valencia. Juame, en canto chegou, fixo as preparacións como para que a bebida se preparaba de maneira correcta. Juama é sempre moi correcta, e en situacións sociais case impecable de máis.

Así fomos lendo as primeiras cousas: poesías, artigos, capítulos de libros—cada un lendo un par de parágrafos—dun libro que coñecemos. Todo o que lía Juama foi boísimo. El podería ler da enciclopedia e o público quedaría tenso e expectante. Marc tamén lía ben. Os seus estilos foron moi distintos. Marta loitaba co acto de ler e mirar os ollos dos demais. Eu tamén. Intentei mirarlle ben e alentarlle cando ela lía. Notei que isto axudaba bastante.

Todos comezaron a ler as súas poesías. Houbo tres ordenatas ascendidos. Eu busquei e atopei só un papel, moi engurrado, que saquei da carteira. Lin cun dramatismo esaxerado. Saíu case como un haiku:

Xoves

10:30

Señor Nogueira

Foi graciosa despois de tanta rimbombancia e tenrura escoitar algo tan raro. Fixemos brindis e Juame comezou a facernos outra rolda do *Absynthe* flamexante.

*

Cheguei á súa casa ben entrada noite. Díxome ela que acaba de se espertar (mentira), así que eu entrei polo portal e subín ao segundo. Estaba aínda durmida. É unha desas persoas ás que lles custa moito durmirse e moito espertarse. Fomos a súa habitación, pramenteiramente quentiña. Acendín un pouco de incenso e comezamos a falar. Pasamos case dous días sen nos ver de verdade, cun tempo ilimitable (a noite) para falar. Alternamos entre facer ao amor e falar baixiño. Foi xusto nun deses descansos idílicos que me lembrei de que xa comezaran as 24 horas en galego. Pensei nos versos que eu lera de Sylvia Plath hai dúas horas . . . non, a poesía desafia intentos de normalización. Todas as linguas son bonitas, sacadas fora dos nosos xogos de poder.

Espertei cando unhas raioliñas de sol comezaron a entrar pola persiana, baixada demasiado para o meu gusto. Gústame erguerme cedo aínda que non durma tanto. Gústame a eficacia da xente

pola mañá, sobre todo se eu dispoño dunha mañá de tranquilidade onde eu podo flotar como un pao nunha mar de actividade e enerxía. Pasei polo mercado. Ía un sol relucente que rebotaba polos charquiños de auga. Estacioneime xusto ao lado da froitería Gomez, onde sempre merco as verduras e froita. A señora que traballa alí é moi simpática. “O meu neno, como andamos?”

“Aínda non sei, pregúntame despois do café”, dígolle eu.

Pido un café e póñoome a pensar neste ensaio, como ía estruturalo. Dende logo, non ten nada que ver agora co que pensei escribir aquel día. Pero iso está moi ben. É un bo exercicio intentar describir o mundo—isto axuda que vemos *algo* polo menos—. Eu diría que case sempre estamos perdidos polo medio de tantas sensacións que nin sequera podemos repousar nelas.

Fun á escola de música onde deixan que eu toque os seus pianos polas mañás. É dicir, podo tocar todos os pianos menos o imponente e belo piano de cola, que é o que máis me encantaría tocar. Pero bo, ate que baixen os prezos da vivenda, eu me teño que conformar con tocar o que a vida me vaia proporcionando.

Despois de tocar un bo anaco, ate que as miñas costas comezan a doer demasiado, camiñei cara á praza de Cervantes. Fixen unha visita a unha tenda alí enriba da praza de San Roque, onde venden polos enteiros. Merquei un e unha barra de pan. Fun a casa. Estaba alí xa a miña compañeira, que acaba de chegar de Tui, onde ela está a facer uns obradoiros cos nenos. Comemos ben, case en silencio, cunha fame mortal.

Pola tarde tiña que currar. Comecei a traducir as 4:30 e acabei as 7:30, xusto antes da miña clase de Alemán. Podo traducir ben durante 3 horas máis ou menos. Despois, comezo a trabucarme moito e perder a paciencia. Podo chegar a darlle golpes ao ordenata como se fose pola súa culpa que eu non mecanografo ben.

En fin un día largo pero bo, pensei sentado na cama despois de todo. Conseguín falar todo o día en galego, que mesmo para min leva certas connotacións: normalmente falo galego coa xente que o fala, e falo Castelán coa xente de España, quero dicir, os meus amigos de Extremadura o Andalucía. Tamén cos Sudamericanos adoito falar Castelán. Vivo nun estado de esquizofrenia lingüística, intentando separar as dúas linguas e empregalas cando é necesario, pero logo entran as consideracións ideolóxicas e o feito de que se ti falas galego, normalmente a xente fáliche en galego tamén, mesmo se esta lingua non é a súa lingua habitual de comunicación. É que lles fai gracia que un estranxeiro lles retranqueira na súa fala.

Eu aprendín o Castelán antes, e certas partes do meu ser son máis compostas pola lingua castelá que mesmo polo inglés. Vocabulario especializado de varios tipos: da cocíña, da literatura, os nomes de certas arbores. Pasa o mesmo co galego. Cada idioma que aprendas vaiche engadindo partes que non son traducibles aos outros idiomas. O concepto dun sinónimo exacto non pode existir.

Estou absorto nestas cavilacións. Son as 11:30. Soa o teléfono.

“Ola, boas noites”, digo, en ton de victoria eminente. Eu seguiría falando en galego, iso era certo.

“Ola”, respondeu unha voz trémula, insegura neste novo medio lingüístico, e con certo humor. É a miña adorable nai, que nada sabe da lingua galega excepto que o seu fillo e a moza deste o falan, e só por iso é unha das linguas máis importantes do mundo. Eu sei que non imos comunicar ben se sigo neste rexistro. Lémbrome daquela noite do pasado verán cando eu quedei frito no sofá, sufrindo do jetlag e do amor, e ela se acercou para cubrirme cunha manta. Eu faleille con cariño, por medio dunha néboa soporífica, e ela miroume cunha cara de alienación.

“Paul, I don’t understand you”, dixo.

Non o sabía eu, pero faláballe en galego. Xamais me esqueceré do momento no que a miña nai non me entendeu. Porque as nais, aínda que non entenden de todo, perciben o que queres dicir, e polo menos poñen fíncapé na estrutura lingüística para albiscar o teu sentido. Pero que a túa nai non entende nada do que dis ... E unha experiencia estraña, case surreal. A raíz deso, de grados máis ou menos avanzados, está contida toda unha metáfora lingüística, celme de algo transmisíbel: as xeracións que xa non se entenden, aldraxe da frustración da incomunicación, ríxidas ideoloxías, e violenta escisión das raíces.